

**materia**

Dereito Constitucional II

unidade didáctica 5

# Dereitos da personalidade

Ana Gude Fernández

Departamento de Dereito Público e Teoría do Estado  
Facultade de Dereito



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES,  
CULTURA E FORMACIÓN CONTINUA





unidade didáctica 5

# Dereitos da personalidade

Ana Gude Fernández

Departamento de Dereito Público e Teoría do Estado

Facultade de Dereito



Copyright © Universidade de Santiago de Compostela, 2012

**Deseño**

Unidixital

**Edita**

Vicerreitoría de Estudantes,  
Cultura e Formación Continua  
da Universidade de Santiago de Compostela  
Servizo de Publicacións  
da Universidade de Santiago de Compostela

**Imprime**

Unidixital

Servizo de Edición Dixital da  
Universidade de Santiago de Compostela

**Dep. Legal:** C 1106-2012

**ISBN** 978-84-9887-895-0

ADVERTENCIA LEGAL: reservados todos os dereitos.  
Queda prohibida a duplicación, total ou parcial desta  
obra, en calquera forma ou por calquera medio (elec-  
trónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen  
consentimento expreso por escrito dos editores.

**MATERIA: Dereito constitucional II**  
**TITULACIÓN: Grao en Dereito**  
PROGRAMA XERAL DO CURSO  
Localización da presente unidade didáctica

## **INTRODUCCIÓN**

### **Unidade didáctica I. A definición dos dereitos como dereitos fundamentais**

Concepto

Dobre carácter dos dereitos fundamentais

Titularidade dos dereitos fundamentais: cidadáns e estranxeiros

Natureza e estatuto constitucional dos dereitos fundamentais e liberdades públicas do Título I

### **Unidade didáctica II. A igualdade constitucional**

### **Unidade didáctica III. O dereitos constitutivos da personalidade I: Dereito á vida, dereito á integridade física e moral, liberdade ideolóxica e liberdade relixiosa**

O dereito á vida

O dereito á integridade física e moral

A liberdade ideolóxica

A liberdade relixiosa

### **Unidade didáctica IV. Os dereitos constitutivos da personalidade II: Liberdade e seguridade persoal**

Recoñecemento constitucional

A detención preventiva: Garantías constitucionais

Garantías constitucionais: Os dereitos do detido

Intervención xudicial. En especial a prisión provisional

O procedemento de *habeas corpus*

### **Unidade didáctica V. Os dereitos constitutivos da personalidade III: Os dereitos da personalidade**

O dereito ao honor

O dereito á intimidade

O dereito á propia imaxe

Tutela xudicial dos dereitos da personalidade

Os dereitos instrumentais dos dereitos da personalidade: inviolabilidade de domicilio, segredo das comunicacións e autodeterminación informativa

### **Unidade didáctica VI. Os dereitos da comunicación física, intelectual e social**

Liberdade de residencia e circulación

Liberdade de expresión: delimitación dos demais dereitos recoñecidos no artigo 20 CE

Dereito á produción e creación literaria, artística, científica e técnica

Liberdade de cátedra

Dereito á información  
O dereito de rectificación  
Dereito de reunión  
Dereito de asociación

### **Unidade didáctica VII. Os dereitos de participación**

O dereito de participación  
Dereito de acceso á función pública  
Dereito á tutela xudicial efectiva  
As garantías procesuais comúns a todo tipo de procesos  
As garantías específicas do proceso penal  
O principio de legalidade no dereito sancionador  
Orientacións das penas e dereitos dos condenados  
Dereito á educación e liberdade de ensinanza  
Liberdade sindical e dereito de folga  
O dereito de petición

### **Unidade didáctica VIII. Os dereitos e deberes dos cidadáns**

Os deberes constitucionais  
Dereito ao matrimonio  
Dereito de propiedade  
Dereito de fundación  
Dereito ao traballo e liberdade de profesión e oficio  
Dereito á negociación colectiva e medidas de conflito colectivo  
Liberdade de prensa no marco da economía de mercado  
O Capítulo III: Os principios reitores da política social e económica

### **Unidade didáctica IX. A garantía constitucional dos dereitos**

As garantías dos dereitos na Constitución española  
O sistema de protección dos dereitos fundamentais  
O procedemento preferente sumario ante os tribunais de xustiza ordinarios  
O recurso de amparo  
As garantías dos principios reitores da política social e económica

### **Unidade didáctica X. O Tribunal constitucional**

Tribunal constitucional e división de poderes  
O Tribunal constitucional español: composición e organización  
As competencias do Tribunal constitucional  
O control de normas  
O conflito de competencias  
O conflito de atribucións  
O conflito en defensa da autonomía local

### **Unidade didáctica XI. A reforma da Constitución**

O concepto da reforma da Constitución  
As tradicións europea e americana  
A reforma da Constitución española de 1978

## ÍNDICE

---

<b>Presentación</b> .....	7
<b>Os obxectivos</b> .....	7
<b>A metodoloxía</b> .....	7
<b>Os contidos</b> .....	8
1. Dereito á honra. ....	8
2. Dereito á intimidade.....	9
3. Dereito á propia imaxe .....	10
4. Os dereitos instrumentais dos dereitos da personalidade .....	11
4.1. Inviolabilidade de domicilio .....	11
4.2. Segredo das comunicacións.....	12
4.3. Dereito á autodeterminación informativa .....	14
<b>Actividades propostas</b> .....	15
<b>A posta en práctica desta UD / Avaliación da UD</b> .....	15
<b>Bibliografía</b> .....	16



## **PRESENTACIÓN**

---

Esta unidade didáctica forma parte da materia “Dereito Constitucional II”, sendo o seu destinatario o alumnado do segundo curso do Grao en Dereito.

Os chamados dereitos da personalidade non formaron parte das declaracións de dereitos ata épocas relativamente recentes. A Declaración universal de Dereitos humanos recólleos no artigo 12 e a Constitución española de 1978 no 18. Foi o primeiro texto constitucional do noso país en regulalos.

Unha democracia digna de tal nome non pode afirmarse sen o recoñecemento dos dereitos da personalidade. Se os cidadáns non estivesen protexidos na súa honra, intimidade e propia imaxe fronte ao uso que se pode facer da información que existe sobre elas, a súa liberdade para tomar decisións na sociedade veríase extraordinariamente limitada e a súa autonomía gravemente mermada. Ao igual que tamén, en consecuencia, o estarían as súas relacións políticas.

## **OS OBXECTIVOS**

---

Os obxectivos xerais da materia Dereito Constitucional II son:

- Transmitir a importancia dos dereitos fundamentais na sociedade actual dende unha perspectiva crítica e construtiva.
- Coñecer as normas legais vixentes e as orientacións xurisprudenciais actuais arredor das principais cuestións da disciplina.
- Saber argumentar xuridicamente e resolver problemas referidos aos dereitos fundamentais.

## **OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS**

---

O Plan Boloña comporta un cambio de metodoloxía certamente importante para o profesorado, a denominada lección maxistral perde a hexemonía. No novo proceso de ensino-aprendizaxe combínanse aspectos teóricos e prácticos, pois a adquisición por parte do estudante das competencias correspondentes á materia esixe que este conte cunha serie de conceptos básicos para poder aplicarlos á resolución de problemas, discusión de casos e outras actividades de carácter práctico.

A actividade docente organizarase como se detalla a continuación:

1.1. Docencia expositiva. Utilízase para actividades presenciais de tipo expositivo que non requiren unha participación activa do estudante, o que non implica de ningún xeito que este non poida participar dando o seu punto de vista sobre determinados temas ou realizando consultas. A través das clases teóricas poranse de relevo os conceptos básicos de cada lección, necesarios para que o alumno poida realizar as súas tarefas de estudo persoal, así como proceder ás prácticas que se expoñan ao longo do curso sen dificultade ningunha.

1.2. Docencia interactiva. De acordo co proceso de converxencia europea, parte das clases presenciais consistirán en levar a cabo actividades prácticas que os estudantes deberán desenvolver en grupos reducidos ao longo do curso para superar a materia. A adquisición de certa destreza na resolución de casos prácticos constitúe un dos obxectivos esenciais do curso, o cal presupón a adquisición de coñecementos teóricos que se han de aplicar para achar a concreta solución, converténdose deste xeito a docencia práctica nunha ferramenta fundamental para a consolidación dos devanditos coñecementos.

2. Polo que se refire á actividade do alumno, para lograr un efectivo aproveitamento, é recomendable que desenvolva as seguintes tarefas. De forma previa ás clases teóricas, prácticas e seminarios de cada un dos temas, deberá traballar os materiais, a bibliografía ou os recursos que fosen recomendados polo profesor e tratará de resolver aquelas cuestións ou casos prácticos que lle sexan propostos. Desta forma contará coas ferramentas precisas para estar en disposición de participar de forma activa nas sesións presenciais nas que se aborden os contidos correspondentes e se discuta o caso ou o problema abordado en cada unha delas. Así mesmo deberán tomar notas das explicacións teóricas, usar os manuais de consulta, estudar a lexislación pertinente e consultar a xurisprudencia relacionada co ámbito de estudo. Participar de xeito activo na aula e preocuparse por aqueles temas de actualidade relacionados co sistema xurídico institucional que serán obxecto de debate e discusión.

Neste novo modelo de aprendizaxe, autónoma e construtiva, mediante o emprego dos diferentes recursos dispoñibles, é de gran utilidade e aproveitamento a USC-Virtual. A plataforma dixital da USC será habilitada e usada tanto para verter gran parte dos contidos teóricos da Unidade Didáctica (en formato presentación gráfica) e referenciar a documentación coa que se realizarán as prácticas, como para facer unha periodización do traballo e levar a cabo titorías virtuais.

## **OS CONTIDOS BÁSICOS**

---

### **1. Dereito á honra**

Na súa orixe o concepto honra era un concepto propio dunha organización aristocrática ou nobiliaria da sociedade. Non era, polo tanto, un concepto inicialmente igualitario, senón todo o contrario. A Constitución de 1978 recolle as categorías honra e dignidade e dálles un sentido igualitario: dignidade e honra pasan a ser patrimonio de todo ser humano.

Unicamente as persoas físicas poden ser titulares do dereito á honra, as institucións públicas non dispoñen deste dereito. En sentido estrito tampouco debería falarse do dereito á honra das persoas xurídicas, aínda que, o Tribunal Constitucional entende que o prestixio profesional "ha de reputarse incluído no núcleo protexible e protexido constitucionalmente do dereito á honra" (STC 223/1992, FJ 3º) e tampouco encontra ningún obstáculo en recoñecer este dereito ás persoas xurídicas dende a perspectiva profesional exclusivamente.

Con carácter xeral, o dereito á honra é un dereito personalista, "no sentido de que a honra é un valor referible a persoas individualmente consideradas" (STC 107/1981, FJ 2º).

O Lexislador (Lei Orgánica 1/1982, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe) distingue dous tipos de intromisións ilexítimas no dereito á honra: a imputación de feitos e a manifestación de xuízos de valor. A liña divisoria entre unha e outra é clara. Os feitos son verificables e, en consecuencia, a imputación pódese acabar demostrando como verdadeira ou falsa. Os xuízos de valor son, ao contrario, por definición, inverificables.

En consecuencia, para que a imputación dun feito constituía intromisión ilexítima no dereito á honra, é preciso que a devandita imputación sexa falsa. Se a imputación se verifica como certa, non se terá producido intromisión ilexítima no dereito á honra, requírese que a devandita imputación sexa falsa. Se a imputación se verifica como certa, non se terá producido intromisión ilexítima no dereito á honra, aínda que si se puidese producir unha intromisión ilexítima no dereito á intimidade ou á propia imaxe.

## **2. Dereito á intimidade persoal e familiar**

Antes sinalabamos que a honra é un concepto antigo que as Constitucións democráticas fixeron seu. A intimidade é, pola contra, un concepto contemporáneo. No mundo do dereito utilízase por primeira vez en 1890, cando se publica na Harvard Law Review un artigo titulado: "The Right to Privacy".

O concepto non ten tradución exacta nas linguas latinas aínda que se conveu empregar o termo intimidade. O contido e alcance deste dereito non se conseguiu definir en parte algunha.

A Constitución límitase a mencionar a "intimidade persoal e familiar" sen dicir en que consiste. O mesmo acontece coa Lei Orgánica 1/1982. Dá por suposto o que sexa o dereito á intimidade e límitase a enumerar as actuacións que serán consideradas intromisións ilexítimas no ámbito protexido polo devandito dereito.

O lexislador considera a intimidade dende a perspectiva das intromisións ilexítimas que nela poidan producirse, facendo depender ante todo, a lexitimidade ou ilexitimidade destas do consentimento ou falta de consentimento do titular do dereito.

Ha de tratarse dun consentimento "expreso" que pode ser "revogable en calquera momento", se ben haberán de indemnizarse, se é o caso, os danos e prexuízos causados, incluíndo neles as expectativas xustificadas.

Obtención de información. Serán intromisións ilexítimas, de acordo cos apartados 2 e 3 do artigo 7 da lei citada, por un lado, "a localización" en calquera lugar de aparatos escoita, de filmación, de dispositivos ópticos ou de calquera outro medio apto para gravar ou reproducir a vida íntima das persoas" e, por outro, "a utilización de aparatos de escoita, dispositivos ópticos ou de calquera outro medio para o coñecemento da vida íntima das persoas ou de manifestacións ou cartas privadas non destinadas a quen

faga uso de tales medios, así como a súa gravación, rexistro ou reprodución".

Divulgación de información. "A divulgación de feitos relativos á vida privada dunha persoa ou familia que afecten á súa reputación e bo nome, así como a revelación ou publicación do contido de cartas, memorias ou outros escritos persoais de carácter íntimo" (artigo 7.3).

Para que se produza unha vulneración do dereito á intimidade non é preciso que exista unha conexión entre a primeira perspectiva e a segunda. A obtención de información de xeito ilexítimo, aínda que non se divulgue despois, constitúe unha violación do dereito á intimidade. A divulgación de información sobre a intimidade persoal e familiar dunha persoa sen o seu consentimento, vulnera tamén o dereito á intimidade deste, aínda que a información se obtivese de xeito lexítimo. Son polo tanto, dous tipos de intromisións distintas, aínda que poden estar conectadas nun caso concreto.

O quebrantamento da confianza. A revelación de datos privados dunha persoa ou familia coñecidos a través da actividade profesional e oficial de quen os revela. Trátase dunha intromisión que ten a súa orixe no propio titular do dereito á intimidade. A información non foi extraída, pois, sen o seu consentimento. É a desviación do fin para o que se subministró a información o que converte o seu uso en intromisión ilexítima.

Unha vez definidas as intromisións ilexítimas, a lei exclúe destas aquelas actuacións autorizadas ou acordadas pola autoridade competente de acordo coa lei, ou aquelas nas que predomine un interese histórico, científico ou cultural relevante. Así mesmo o Tribunal Constitucional sinalou en diversas ocasións que o dereito á intimidade non pode dar cobertura ao incumprimento de deberes constitucionais.

### **3. O dereito á propia imaxe**

O dereito á propia imaxe recoñecido polo art. 18. 1 da Constitución ao par dos da honra e a intimidade persoal, forma parte dos dereitos da personalidade e como tal garante o ámbito de liberdade dunha persoa respecto dos atributos característicos, propios e inmediatos como son a imaxe física, a voz ou o nome, calidades definitorias do ser propio consideradas como posesión inherente e irredutible a toda persoa.

O contido específico deste dereito configúrase como un dereito da personalidade que atribúe ao seu titular a facultade de dispoñer da representación do seu aspecto físico que permita a súa identificación, o que leva consigo tanto o dereito a determinar a información gráfica xerada polos trazos físicos que lle fagan recoñecible que poida ser captada ou ter difusión pública, como o dereito a impedir a obtención, reprodución ou publicación da súa propia imaxe por un terceiro non autorizado (STC 38/2007, FJ 3º).

A Lei Orgánica 1/1982 considera intromisións ilexítimas: "a captación, reprodución ou publicación por fotografía, filme ou calquera outro procedemento, da imaxe dunha persoa en lugares ou momentos da súa vida privada ou fóra deles salvo os previstos no artigo 8.2" e "a utilización do nome, a voz ou a imaxe dunha persoa para fins publicitarios, comerciais ou de natureza análoga".

A lei citada determina que intromisións non se considerarán ilexítimas. O artigo 8.2 dispón que o dereito á propia imaxe non impedirá:

a) A súa captación, reprodución ou publicación por calquera medio, cando se trate de persoas que exerzan un cargo público ou unha profesión de notoriedade ou proxección pública e a imaxe que se capte durante un acto público ou en lugares abertos ao público.

b) A utilización da caricatura das devanditas persoas, de acordo co uso social.

c) A información gráfica sobre un suceso ou acaecemento público cando a imaxe dunha persoa determinada apareza como meramente accesoria".

A estas persoas non se lles vulnera o dereito á propia imaxe porque tampouco se lles vulnera o dereito á intimidade.

#### **4. Os dereitos instrumentais dos dereitos da personalidade: inviolabilidade de domicilio, segredo das comunicacións e autodeterminación informativa**

##### **4.1. Inviolabilidade de domicilio**

O artigo 18.2 da Constitución dispón que "O domicilio é inviolable. Ningunha entrada ou rexistro poderá facerse sen o consentimento dos seus titulares ou resolución xudicial, salvo en caso de flagrante delito".

Pero que se entende por domicilio?

Domicilio constitucional, é dicir, o "domicilio inviolable é un espazo no cal o individuo vive sen estar suxeito necesariamente aos usos e convencións sociais e exerce a súa liberdade máis íntima. Por iso a través deste dereito non só é obxecto de protección o espazo físico en si mesmo considerado, senón o que hai nel de emanación da persoa e da esfera privada dela. Interpretada neste sentido, a regra da inviolabilidade do domicilio é de contido amplo e impón unha serie de garantías e de facultades, nas que se comprenden a de vedar toda clase de invasións incluídas as que poidan realizarse sen penetración indirecta por medio de aparatos mecánicos, electrónicos ou outros análogos" (STC 22/1984, FJ 5º).

É obxecto de protección o espazo físico entendendo por tal calquera espazo que estea a disposición dunha persoa, independentemente do título xurídico con que o ocupe propiedade, arrendamento, etc.) de que a ocupación sexa temporal (cuarto dun hotel ou tenda de campaña nun cámping) ou permanente, de que sexa lugar de residencia ou de traballo.

Coa mesma amplitude que ten que ser interpretado o concepto de domicilio ten que selo tamén o de titular do dereito. Non soamente as persoas físicas son titulares deste senón tamén as xurídicas.

En realidade, o Tribunal Constitucional excluíu da garantía proporcionada polo dereito á inviolabilidade do domicilio "aqueles lugares... (que) teñan un destino ou sirvan a labores incompatibles coa idea de privacidade" (STC 228/1997, FJ7º), tales como os locais destinados a almacén de mercadorías, un bar ou as oficinas dunha empresa, así como os locais abertos ao público ou de negocios, pero, aínda así o dereito á inviolabilidade do domicilio das persoas xurídicas "se estende aos espazos

físicos que son indispensables para que poidan desenvolver a súa actividade sen intromisións alleas, por constituír o centro de dirección da sociedade ou dun establecemento dependente desta ou servir de custodia dos documentos ou outros soportes da vida diaria da sociedade ou do seu establecemento que quedan reservados ao coñecemento de terceiros" (STC 69/1999, FJ2º).

Non se produce vulneración do dereito á inviolabilidade do domicilio cando se produce co consentimento do titular deste. O consentimento non ten por que ser expreso nin por escrito, pero si ten que ser un consentimento previo e inequívoco e, ademais, dada a vinculación da inviolabilidade do domicilio co dereito á intimidade, é sempre revogable.

Ou por resolución xudicial, engade a Constitución. A resolución xudicial é, polo tanto, o acto substitutivo do consentimento do titular do dereito e de aí que, como este teña que ser previo.

A resolución xudicial ten que ser motivada e contra ela cabe recurso. A interposición do recurso non paraliza a execución da resolución que permite a entrada ou rexistro, pero si, no caso de que non se lle considere acorde coa Constitución, privará de valor probatorio ás evidencias obtidas.

Por último, a Constitución considera como excepción o "delito flagrante". O lexislador definiu o delito flagrante como "o coñecemento fundado das Forzas e Corpos de Seguridade que as leve á constancia" de que se está a cometer ou se acaba de cometer un delito.

## **4.2. Segredo das comunicacións**

No apartado 3º o art. 18 CE garante o segredo das comunicacións e, en especial, das postais, telegráficas e telefónicas, salvo resolución xudicial. O tenor literal do precepto indica claramente que o que se garante é o segredo de todas as comunicacións e non só das especificamente mencionadas. As referencias son puramente exemplificativas.

En realidade o que a Constitución garante é a liberdade das comunicacións e non soamente o segredo das mesmas, debendo considerarse, en consecuencia, que o ben constitucionalmente protexido é a liberdade das comunicacións, ao servizo da cal está a garantía do segredo destas.

A definición do dereito está integrada por catro elementos: en primeiro lugar, pola finalidade que con este se persegue; en segundo lugar, por un elemento obxectivo relativo ao contido constitucionalmente protexido; en terceiro lugar, por un elemento subxectivo referido ao contido constitucionalmente protexido; en cuarto lugar, por un elemento subxectivo que atinxe á identidade do suxeito sobre o que pesa o deber de segredo, e por último, polo dos requisitos esixibles á resolución xudicial limitadora do exercicio do dereito.

1º. A finalidade do precepto é impedir a penetración dende fóra no proceso de comunicación entre dúas ou máis persoas. "Sexa cal sexa o ámbito obxectivo do concepto de "comunicación, a norma constitucional dirixese inequivocamente a garantir a súa impenetrabilidade por terceiros

(públicos ou privados: o dereito posúe eficacia *erga omnes*) alleos á comunicación mesma (STC 114/1994, FJ 7º).

2º. O contido constitucionalmente protexido está delimitado polo termo "secreto". Está protexido todo. Non hai un contido que estea especialmente protexido polo carácter íntimo ou confidencial da comunicación fronte a outros que non teñan ese carácter. Todo intercambio de comunicación entre dous ou máis suxeitos polo medio que sexa está protexido polo segredo das comunicacións (STC 114/1984, FJ 7º). Calquera valoración da comunicación para ver se está protexido o seu contido ou non, esixiría o levantamento previo e, polo tanto, a vulneración do dereito. O precepto parte dunha presunción *iuris et de iure* de que o comunicado é segredo nun sentido substancial (STC 117/1994, FJ 7º).

3º. Se o que se protexe é a comunicación fronte á penetración dende o exterior por un terceiro, razón pola cal o comunicado é, por definición, segredo, resulta evidente que a vulneración do dereito unicamente se pode producir por ese terceiro e non por quen é suxeito do proceso comunicativo. Quen penetra dende o exterior vulnera a garantía do segredo das comunicacións, por mínima e intrascendente que sexa a súa penetración. Quen dende o interior do proceso comunicativo desvela o contido da comunicación, non está a vulnerar a devandita garantía. "Quen grava unha conversación doutros, atenta independentemente de toda outra consideración, ao dereito recoñecido no art. 18.3 da Constitución; pola contra, quen grava unha conversación con outro non incorre, por este só feito, en conduta contraria ao precepto constitucional citado (STC 117/1994).

Iso non quere dicir no entanto que quen revela o contido dunha comunicación mantida con outra ou outras persoas non poida vulnerar algún dereito fundamental. Se o contido do que revela afecta á intimidade da outra persoa pode estar a vulnerar o dereito recoñecido no art. 18.1 CE. Pero o que non vulnerará será o dereito do art. 18.3 CE.

4º. O elemento máis decisivo na definición da garantía constitucional do segredo das comunicacións é a resolución xudicial.

Na doutrina do Tribunal constitucional tivo un peso decisivo o Tribunal europeo de dereitos humanos, que condenou no ano 1998 ao Estado español (caso Valenzuela) por violación do artigo 8 do Convenio europeo para a protección dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais.

Dúas son as esixencias centrais da xurisprudencia constitucional para que a intervención xudicial das comunicacións poida considerarse lexítima.

En primeiro lugar, que a propia resolución xudicial se adoptase con base na lei.

En segundo lugar, que a resolución xudicial cumpra determinados requisitos.

A reserva de lei é polo tanto a primeira esixencia que non se satisfai coa mera presenza dunha norma de tal rango, senón coa dunha norma na "que se expresen todos e cada un dos presupostos e condicións da intervención" (STC 49/1999, FJ 4º), é dicir, "unha lei de singular precisión" (STC49/1996, FJ 4º).

O Tribunal Constitucional considera que a resolución xudicial pode ser constitucionalmente lexítima, aínda cando non exista unha lei que satisfíxese as esixencias constitucionais de seguridade xurídica, se se adopta no marco da investigación dunha infracción grave, para a que de modo patente sexa necesaria, axeitada e proporcionada a intervención telefónica, se se tivera acordado respecto de persoas presuntamente implicadas nesta, e se se respectasen ademais as esixencias dimanantes do principio de proporcionalidade (FJ 5º). Todas estas circunstancias teñen que ser xustificadas polo xuíz na motivación da resolución que acorde a intervención das comunicacións. Se non o fai, a resolución xudicial vulnerará o dereito recoñecido no artigo 18.3 CE.

### **4.3. Dereito á autodeterminación informativa**

A Constitución non recoñece expresamente este dereito. O que o apartado 4 do artigo 18 contén é un mandato ao lexislador para que limite "o uso da informática para garantir a honra e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos".

Os cidadáns non controlamos a maior parte da información que existe sobre nós mesmos. Esta información está en mans de poderes públicos ou de empresas privadas, perdemos o control da nosa intimidade. O que sucede é que sen esa acumulación de información fóra do noso control, non poderíamos vivir como vivimos e teríamos que retroceder a formas moito máis primitivas de organización da convivencia.

De aí que é moi importante que o ordenamento xurídico dea unha resposta a ese problema. A máis importante foi a regulación por lei do almacenamento de datos en ficheiros públicos e privados, así como das condicións en que se poderá facer o uso destes. E a creación de Axencias supervisoras da forma e as condicións en que se procede ao almacenamento de información polas Administracións públicas ou polas empresas privadas, así como tamén do uso que se fai da información almacenada. Dende que en 1973 se aprobou en Suecia a primeira lei neste sentido, a resposta xeneralizouse en todos os países do noso ámbito. En España, a lei de desenvolvemento do artigo 18.4 CE é a Lei Orgánica 5/1992, do 29 de outubro, de regulación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal.

A orixe deste dereito encóntrase na xurisprudencia do Tribunal constitucional alemán, que utilizou por primeira vez este concepto na súa sentenza de principios dos oitenta sobre a Lei do Censo da Poboación, recoñecendo a través deste a cada individuo o dereito a saber o que se sabe del.

O Tribunal constitucional español seguiu o alemán neste punto. Na STC 254/1993, afirma o seguinte: ... "No presente caso estamos ante un instituto de garantía doutros dereitos, fundamentalmente a honra e a intimidade, pero tamén dun instituto que é, en si mesmo, un dereito ou liberdade fundamental, o dereito á liberdade fronte ás potenciais agresións á liberdade da persoa proveniente dun uso ilexítimo do tratamento mecanizado de datos, o que a Constitución chama "a informática" (FJ 6º)". "A chamada liberdade informática é, así, o dereito a controlar o uso dos

mesmos datos insertos nun programa informático (*habeas data*)" (FJ 7º). O Tribunal constitucional outorga o amparo ao cidadán que o solicitase, recoñecendo o dereito a que "o gobernador civil lle comunicase sen demora a existencia dos ficheiros automatizados de datos de carácter persoal que dependen da Administración civil do Estado, as súas finalidades e a identidade e domicilio da autoridade responsable do ficheiro. Igualmente, deberá comunicarlle en forma intelixible aqueles datos persoais que lle concirnen" (FJ 7º).

## **ACTIVIDADES PROPOSTAS**

---

- Para abordar a parte práctica desta unidade formularánselles aos alumnos casos prácticos que deberán entregar antes da súa resolución nas clases. Os casos serán reais e centraranse nas cuestións básicas expostas nas clases teóricas. Para a súa resolución optárase polo chamado "sistema de aprendizaxe baseado en problemas". O estudante atópase fronte a un problema práctico e ten que resolvelo. Desa maneira vese obrigado a recorrer a habilidades específicas de comprensión e a axilizar o seu pensamento crítico e maila súa creatividade. Na maior parte das ocasións deberán buscar, nas bases de datos de xurisprudencia, os recursos precisos para resolvelo caso, o que enlaza coa segunda das actividades propostas.
- Nesta materia resulta fundamental o manexo de sentenzas, para facilitar a comprensión das explicacións e poñer de manifesto a repercusión práctica dos conceptos básicos empregados. Proporase, por iso, como actividade práctica, que o alumnado busque en bases de datos xurisprudenciais cinco sentenzas relativas a cada un dos dereitos. Preténdese desta maneira que aprendan a discernir as distintas posibilidades interpretativas e aplicativas a que se prestan, así como a valorar a relevancia da doutrina xurisprudencial.
- Por último, empregárase tamén a técnica do debate, con relación a cuestións seleccionadas polo docente e que sexan obxecto de controversia nas interpretacións que a xurisprudencia fai dalgúns aspectos dos dereitos. Para este debate faranse grupos, debendo cada un deles argumentar e adoptar posturas a favor e en contra.

## **AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA**

---

- A avaliación desta unidade didáctica levarase a cabo conxuntamente coas restantes unidades didácticas que compoñen o programa xeral da materia, mediante un exame final que incluírá unha parte teórica e outra práctica.

- Asemade, o docente levará a cabo unha avaliación específica desta unidade didáctica, tendo en conta, en xeral, a asimilación de conceptos e a aplicación práctica de coñecementos. En concreto, na resolución dos casos prácticos que se levarán a cabo nas clases interactivas valoraranse a corrección dos argumentos empregados (na medida en que acredite unha correcta comprensión dos contidos teóricos), a claridade e coherencia da solución, a correcta organización do caso e a identificación das cuestións problemáticas que suscita.
- No debate teranse en conta a participación e a capacidade de argumentación crítica, a solidez dos argumentos, a posibilidade de traballar en grupo (organizando as intervencións e acordando os argumentos a empregar).

## **BIBLIOGRAFÍA**

---

ÁLVAREZ CONDE, E., *Curso de Derecho constitucional*, vol. II, ed. Tecnos, Madrid, 2008.

LÓPEZ GUERRA, L.; ESPÍN, E.; GARCÍA MORILLO, J.; PÉREZ TREMPES, P. Y SATRÚSTEGUI, M., *Derecho Constitucional*, vol. II, ed. Tirant lo Blanch, Valencia, 1993.

PÉREZ ROYO, J., *Curso de Derecho constitucional*, ed. Marcial Pons, Madrid, 2010.

TORRES DEL MORAL, A., *Principios de Derecho constitucional español I*, ed. Universidad Complutense de Madrid. Facultad de Derecho, Madrid, 2004.

ESTEBAN, J. DE y GONZÁLEZ TREVIJANO, P., *Curso de Derecho constitucional*, ed. Servicio de publicaciones de la Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1993.





Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade



Impreso en papel 100% reciclado e libre de cloro



SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

